

Entroido en Mugares:

Os Labardeiros e as Señoritas

Visitounos a señora Lola, da asociación Amencer de Mugares, para contarnos un montón de cousas da Celebración do Entroido en Mugares.



Esta é a entrevista que lle fixemos:

- Cando se celebra o Entroido en Mugares?

Sra. Lola - o MARTES DE Carnaval

- A que hora comezaba?

Sra. Lola - As tres da tarde

- Por que comezaba tan cedo?

Sra. Lola - Porque é inverno e aínda que case sempre facía bo tempo había que aproveitar as poucas horas de sol.

- Quen organizaba o Entroido e que tipos de actos había?

Sra. Lola - Organizábano os mozos e as mozas. Cada un poñía diñeiro para a festa, os mozos poñían 2 pesetas que para iso traballaban fóra da casa e as mozas poñían 1 peseta que daquela eran moitos cartos. A festa consistía nun desfile dende o Moreiro ata Mugares acompañados dunha banda de música, tamén se representaban Comedias e para rematar ... baile

- Quen participaba no desfile?

Sra. Lola - Todos os do pobo que o desexaran pero sobre todo os mozos e as mozas

- De que ían disfrazados?

Sra. Lola - As mozas de Señoritas e os mozos de Labardeiros. Logo tamén había enmascarados. Ían facendo paradas e botaban bailes.

- Quen facía os traxes?

Sra. Lola - Os traxes de señoritas e labardeiros facíanse a man con tea de saba e cosíanselle flores de papel. Os dos enmascarados eran con roupa vella e cubrían a cara para que non se lles recoñecese.

- Pódesnos describir os traxes de Labardeiros e de Señoritas?

Sra. Lola - Si daro. As Señoritas levaban unhas saias e unhas camisas brancas. Nas saias cosían unhas flores de papel de seda. Enriba da camisa poñían un pano ben vistoso e colares. Calzaban con zapatos de tacón e na cabeza levaban un sombreiro.

- E os Labardeiros?

Sra. Lola - Os labardeiros levaban unha camisa branca adornada cunhas cadeas de boliñas das hedras, ás veces cosían á camisa tarxetas postais que lles enviaban os mozos que estaban no servizo militar. Levaban uns calzóns brancos ata o xeonllo con flores de papel de seda, medias e botas. Na cintura levaban unha faixa cun cinto con campás, levaban un gorro alto adornado con flores e tapaban a cara cunha rede e na man levaban a labarda e de aí o nome.

- Que é a labarda?

Sra. Lola - Era un instrumento parecido ao que se usaba para mallar o trigo. Tiña dúas pezas, unha de pao longa e outra mais curta que se forraba con tea de saco para non mancar, ambas unidas por unha correa, de modo que se agarra pola parte máis longa e se golpea coa outra.

- Fálenos dos Mazarucos e das Mazarucas

Sra. Lola - Faciamos uns bonecos e vestiámolos cos traxes dos noivos que casaran ese ano e que aínda non tiveran fillos. Saían montados nun burro ou nun carro. Un saía de Mugares e ela saía do Moreiro. Xuntábanse no medio do camiño

- Quen se encargaba de inventar as comedias.

Sra. Lola - A familia Rebollo. Trataban de chismes e dos cotilleos do pobo. Tiñan moita gracia. Representábanse no Eiró (no Tellado), nun escenario que preparaban para a ocasión.

Tamén no dixo que cando era pequena non participaba no desfile porque lle tiña medo aos enmascarados e por iso, os miraba dende o balcón da súa casa.

Démolle as grazas por vir ao cole e respondemos a todas as nosas preguntas.

Xa sabemos que en Mugares se celebraban os Entroidos mais cañeros de todo o concello.



REFRÁNS

" O Entroido ao tizón, a Pascua ao sol" que significa que no Entroido fai frío pero que ao entrar a Pascua xa vai habendo días de sol.

"Entroido larafuzán, comíchesme a carne e deixáchesme o pan". Xa que comeza a Coresma, tradición relixiosa que aconsella non comer carne.

Dicir que ENTROIDO, seica ven de entrar, xa que eran as festas coas que se entra na primavera

Martín, María, Miguel, Dani, Raúl e Alba